



# IES SANXILLO

*Concreción curricular*



*Aprobada en Claustro  
19 Abril de 2022*



## ÍNDICE

0. MARCO LEXISLATIVO	4
1. A EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA: INTRODUCCIÓN	5
2. OBOXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	6
3. COMPETENCIAS CLAVE NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	6
4. CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA ESO.	7
4.1 Avaliación	7
4.2 Promoción	8
4.3 Indicacións plan de reforzo	9
4.4 Indicacións plan específico	10
4.5 Titulación	11
4.6 Matrícula de honra: criterios de desempate	12
5. BACHARELATO: INTRODUCCIÓN	12
5.1 PRINCIPIOS XERAIS	13
5.2 PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS	13
6. OBOXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO	13
7. COMPETENCIAS CLAVE NO BACHARELATO	14
8. MODALIDADES BACHARELATO	15
9. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN NO BACHARELATO	15
9.1 Avaliación	15
9.2 Promoción	16
9.3 Titulación de Bacharel	16
9.3.1 Obtención do título de Bacharel desde outras ensinanzas	17
9.3.2 Obtención título Bacharel en réxime de persoas adultas	17
9.4 Criterios de promoción-titulación no Bacharelato	18
9.5 Matrícula de honra: criterios de desempate	19
10. FORMACIÓN PROFESIONAL: PRINCIPIOS XERAIS	19
11. OBOXECTIVOS DO SISTEMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL	20
12 ORGANIZACIÓN E ESTRUTURA	21
13 ASPECTOS XERAIS DO PROCESO DE AVALIACIÓN	22
14: CUALIFICACIÓN E MATRÍCULA DE HONRA	23
15. TITULACIÓN, CERTIFICACIÓN E ACREDITACIÓN	23
16. VALIDACIÓN E EXENCIÓN	24

## MARCO LEXISLATIVO

**Orde do 19 de maio de 2021** pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 4 de xuño de 2021).

**Orde do 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE. (DOG martes 26 de outubro de 2021).

**Real Decreto 984/2021**, do 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na ESO, o BAC e a Formación Profesional (BOE 17 de novembro de 2021).

**Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de ESO e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG 11 de febreiro de 2022).

**Orde do 12 de xullo de 2011** pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOG 15 de xullo de 2011).

**Orde de 21 de decembro de 2007** pola que se regula a avaliación na ESO na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 7 de xaneiro de 2008). Derrogados artigos .2,5,6 e 7. Puntos 4,5,6,7,8 e 10 do artigo 4.

**Orde de 24 de xuño de 2008** pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 27 de xuño de 2008). Modificada pola Orde do 20 de abril de 2010: matrículas de honra (DOG 26 de abril de 2010).  
Derrogados: Artigo: 7,9, 10 e 12.

**Orde do 5 de maio de 2011**, pola que se regulan determinados aspectos relativos ao desenvolvemento do bacharelato e se complementa a normativa sobre esta etapa (DOG 1 de xuño de 2011). Derrogado: Artigo: 10.

**Orde do 2 de marzo de 2021**, pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisión de e promoción e obtención do título académico que corresponda, en Educación Infantil, Educación Primaria, ESO e Bacharelato (DOG 11 de marzo de 2021).

**Circular 1/2022** da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se precisan aspectos da Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisión de promoción e obtención do título académico que corresponda, en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, para o curso 2021-2022.

**Real Decreto 217/2022**, de 29 de marzo polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obrigatoria.

**Real Decreto 243/2022**, de 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e ensinanzas mínimas do Bacharelato (BOE 6 de abril de 2022).

**Lei Orgánica 3/2022**, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional (BOE 1 de abril de 2022).

## 1. A EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA. INTRODUCCIÓN.

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, introduce importantes modificacións, moitas delas derivadas da conveniencia de revisar as medidas previstas no texto orixinal para adecuar o sistema educativo aos retos do século XXI, de acordo cos obxectivos marcados pola Unión Europea e a UNESCO para a década 2020-2030.

A lei reformula, a definición do currículo, enumerando os elementos que o integran e sinalando despois que a súa configuración debe estar orientada a facilitar o desenvolvemento educativo do alumnado, garantindo a súa **formación integral**, contribuíndo ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e preparándoos para o pleno exercicio dos dereitos humanos, dunha cidadanía activa e democrática na sociedade actual, sen que en ningún caso supoña unha barreira que xere o abandono escolar nin impida o acceso e goce do dereito á educación. En consonancia con esta visión, a lei, fai fincapé en que esta formación integral debe incidir necesariamente no desenvolvemento das competencias.

A nova redación da lei subliña, a necesidade de promover unha aprendizaxe competente, autónoma, significativa e reflexiva en todas as materias. Nos tres primeiros cursos establécese cales serán estas materias, permitindo a súa integración en ámbitos. No último curso da etapa, indícase que corresponderá ao Goberno, previa consulta ás comunidades autónomas, determinar o resto das materias non obrigatorias entre as que o alumnado deberá optar. Para facilitar esta elección e tendo en conta o carácter orientador deste curso, establécese que estas materias poderán agruparse en distintas opcións, orientadas ás distintas modalidades de Bacharelato e aos distintos ámbitos da Formación Profesional.

### Consideramos de interese relacionar os seguintes termos e os seus significados:

a) **Obxectivos:** logros que se espera que o alumnado acade ao final da etapa e cuxa consecución está ligada á adquisición das competencias clave.

b) **Competencias clave:** actuacións que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo, e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais.

c) **Competencias específicas:** actuacións que o alumnado debe ser capaz de realizar en actividades ou en situacións cuxo enfoque requira os coñecementos básicos de cada materia ou ámbito. As competencias específicas constitúen un elemento de conexión entre, por unha banda, o perfil de saída do alumno, e, por outra, os coñecementos básicos das materias ou ámbitos e os criterios de avaliación.

d) **Criterios de avaliación:** referentes que indican os niveis de rendemento esperados do alumnado nas situacións ou actividades ás que se refiren as competencias específicas de cada materia ou ámbito nun momento determinado do seu proceso de aprendizaxe.

e) **Coñecementos básicos:** saberes, habilidades e actitudes que constitúen os contidos dunha materia ou ámbito cuxa aprendizaxe sexa necesaria para a adquisición de competencias específicas.

f) **Situacións de aprendizaxe:** situacións e actividades que impliquen o despregamento por parte do alumnado de accións asociadas a competencias clave e competencias específicas e que contribúan á súa adquisición e desenvolvemento.

## 2. OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

a) **Asumir** con responsabilidade os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos con respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre persoas e colectivos, exercitarse no diálogo fortalecendo os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio das cidadanía democrática.

b) **Desenvolver** e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para a realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) **Valorar e respectar** a diferenza entre sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar estereotipos que discriminan entre homes e mulleres.

d) **Fortalecer** as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera índole, os comportamentos sexistas e resolver pacíficamente os conflitos.

e) **Desenvolver** habilidades básicas no uso das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e uso.

f) **Concibir** o coñecemento científico como un coñecemento integrado, que se estrutura en diferentes disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar problemas nos diversos ámbitos do coñecemento e da experiencia.

g) **Desenvolver** o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade de aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) **Comprender e expresar** correctamente, oralmente e por escrito, en lingua castelá e, en lingua galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, lectura e estudo da literatura.

i) **Comprender e expresarse** nunha ou varias linguas estranxeiras adecuadamente.

j) **Coñecer, valorar e respectar** os aspectos básicos da cultura e historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) **Coñecer e aceptar** o funcionamento do propio corpo e o dos demais, respectar as diferenzas, fortalecer hábitos de coidado e saúde corporal e incorporar a educación física e a práctica deportiva para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar de forma crítica os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e ao medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

l) **Apreciar** a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diferentes medios de expresión e representación.

### 3. COMPETENCIAS CLAVE NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.

Con carácter xeral, debe entenderse que a consecución das competencias e obxectivos fixados na LOMLOE para as distintas etapas educativas está vinculada á adquisición e desenvolvemento das competencias clave que se indican a continuación:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia plurilingüe.
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.
- Competencia dixital.
- Competencia persoal, social e para aprender a aprender.
- Competencia cidadá.
- Competencia emprendedora.
- Competencia en conciencia e expresión cultural.

O perfil de saída do alumnado ao final da educación básica establece as competencias clave que o alumnado debe ter adquirido e desenvolvido ao final da educación básica. Constitúe o referente último do desempeño competencial, tanto na avaliación das distintas etapas e modalidades da formación básica, como para a titulación de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria. Basea o resto das decisións curriculares, así como as estratexias e orientacións metodolóxicas na práctica docente.

A adquisición de cada unha das competencias clave contribúe á adquisición de todas as demais. Non existe unha xerarquía entre elas, nin se pode establecer unha correspondencia exclusiva cunha única área, ámbito ou materia, senón que todas se concretan na aprendizaxe das distintas áreas, ámbitos ou materias e, á súa vez, adquirense e desenvólvense a partir da aprendizaxe que ocorre en todas elas.

## 4. CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA ESO.

### 4.1 AVALIACIÓN

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A **avaliación** do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será **continua, formativa e integradora**.

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria.

No contexto do proceso de **avaliación continua**, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das aprendizaxes do alumnado terá un **carácter formativo** e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias correspondentes. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os seus criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

“Para permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe” (artigo 4, punto 2 da Orde de 25 de xaneiro). Igualmente, no proceso avaliativo, terase en conta o artigo 19 “Atención ás diferenzas individuais do RD 217/2022.

Ao longo de cada curso realizaranse para cada curso tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que se estableza o calendario escolar para cada curso.

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, para o alumnado que

teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.

Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave. Os resultados expresaranse nos termos de insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas.

A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.

As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

"Finalizada cada unha das sesións de avaliación, o alumnado e as nais/pais ou persoas titoras legais serán informados dos seus resultados, da evolución académica así como das decisións adoptadas para o reforzo e/ou recuperación, se fose o caso." (artigo 8.2 da Orde 21 decembro 2007, non suprimido pola Orde 25 xaneiro 2022). En consecuencia, na ESO os pais e as nais teñen dereito a recibir información (notas no boletín) despois de cada unha das tres avaliacións parciais e da avaliación final.

## 4.2. PROMOCIÓN

Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que:

- Supere as materias/ámbitos cursados.
- Teña avaliación negativa nunha ou dúas materias/ámbitos cursados.

Ademais de nos casos anteriores, **o equipo docente** poderá decidir a promoción do alumnado, sempre que se cumpran **TODAS** as condicións seguintes:

- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a 5.
- Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

Para a elaboración e seguimento do plan de reforzo a que se refire o punto anterior, seguirase o artigo 51 da Orde do 8/09/2021, pola que se desenvolve o RD 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3/05 de educación.



### 4. 3. INDICACIONES PLAN DE REFORZO ALUMNADO CON PENDENTES

Destinatarios	Alumnado que pase de curso con materias sen superar.
Elaboración	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Profesorado que imparta a materia que o alumnado teña pendente de superar.</li> <li>• Coas directrices do departamento didáctico e o coñecemento do profesorado titor.</li> <li>• Referentes: obxectivos da materia e a contribución a adquisición das competencias.</li> <li>• Adaptarase as particularidades de cada alumno/a.</li> <li>• O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte do alumnado.</li> </ul>
Estrutura	<ol style="list-style-type: none"> <li>a) Identificación da alumna ou do alumno.</li> <li>b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.</li> <li>c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.</li> <li>d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.</li> <li>e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.</li> <li>f) Tarefas para realizar, coa debida temporización.</li> <li>g) Seguimento e avaliación.</li> <li>h) Acreditación da información á familia.</li> </ol>
Seguimento	<ul style="list-style-type: none"> <li>• En cada sesión de avaliación farase o seguimento, e de ser necesario os axustes que procedan.</li> <li>• Na sesión de avaliación final de curso, no que está escolarizado o alumnado, o profesorado da materia pendente, decidirá sobre a avaliación.</li> <li>• Para a superación da materia pendente, requírese avaliación positiva, que se terá en conta para efectos de promoción e titulación.</li> </ul>

**4.4 INDICACIONES PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO PARA ALUMNADO REPETIDOR**

Elaboración	<ul style="list-style-type: none"><li>O equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.</li></ul>
Estrutura	<ul style="list-style-type: none"><li>a) Identificación da alumna ou do alumno.</li><li>b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.</li><li>c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.</li><li>d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.</li><li>e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.</li><li>f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.</li><li>g) Acreditación da información á familia.</li></ul>
Seguimento	<ul style="list-style-type: none"><li>En cada sesión de avaliación farase o seguimento, e de ser necesario os axustes que procedan.</li><li>Na sesión de avaliación final de curso, informarase sobre o seu desenvolvemento e aproveitamento.</li><li>Para a superación da materia pendente, requírese avaliación positiva, que se terá en conta para efectos de promoción e titulación.</li></ul>

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha **medida de carácter excepcional** (artigo 11.4 e 11.6 do RD 984/2021 e artigo 8.5 da Orde 25 de xaneiro de 2022) e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado (artigo 52 da Orde 8 de setembro de 2021 que desenvolve o decreto 229/2011 de atención á diversidade).

En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. **De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa**. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

## 4.5. TITULACIÓN

Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, **o equipo docente** da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colegiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do disposto no artigo 7.2 desta orde, e tamén segundo se indica no RD 217/2022 de 29 de marzo).

Segundo o artigo 17 do RD 217/2022, as administracións educativas poderán establecer criterios que orienten a toma de decisións dos equipos docentes, sempre que ditos criterios non impliquen "fixar o número ou a tipoloxía das materias non superadas".

Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, **o equipo docente poderá decidir** a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, **sempre que se cumpran TODAS as condicións seguintes:**

- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a 5.
- Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
- Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facelo nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase, de acordo co currículo establecido e coa organización e instrucións que dispoña a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

A superación da totalidade dos módulos incluídos nun ciclo de formación profesional básica conducirá á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

O título de graduado en educación secundaria obrigatoria será único e **expedirase sen cualificación**.

## 4.6. MATRÍCULA DE HONRA

O alumnado que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivese unha nota media do cuarto curso **igual ou superior a nove puntos** poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra deben ser obxectivos e públicos.

### CRITERIOS DE DESEMPATE PARA MATRÍCULAS DE HONRA EN 4º DA ESO.

No caso de desempate os criterios a seguir serán os seguintes:

- 1º) Nota máis alta de cuarto da ESO.
- 2º) Nota máis alta de terceiro da ESO.
- 3º) Nota máis alta de segundo da ESO.
- 4º) Nota máis alta de primeiro da ESO.
- 5º) Sorteio.

## 5.0 BACHARELATO: INTRODUCCIÓN

A educación secundaria divídese en educación secundaria obrigatoria e educación secundaria postobrigatoria.

O Bacharelato é unha das ensinanzas que integran a educación secundaria post-obrigatoria, xunto coa Formación Profesional de Grao Medio, as Ensinanzas Artísticas Profesionais, tanto de Música como de Danza, e de Artes Plásticas e Deseño de Grao Medio, e as Ensinanzas Deportivas de Grao Medio.

A etapa que consta de dous cursos, desenvólvese en diferentes modalidades e organízase de forma flexible en materias comúns, materias de modalidade e materias optativas, de xeito que poida ofrecer unha preparación especializada ao alumnado segundo as súas perspectivas e intereses formativos ou permitir a incorporación á vida activa unha vez rematada a mesma.

O Bacharelato ten como obxectivo proporcionar formación, madurez intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que permitan o desenvolvemento das funcións sociais e a incorporación á vida activa con responsabilidade e aptitude.

Así mesmo, esta etapa debe permitir a adquisición e consecución de competencias esenciais para o futuro formativo e profesional, e a formación para o acceso á educación superior.

## 5.1. PRINCIPIOS XERAIS.

1. Poderán acceder aos estudos de Bacharelato aqueles que posúan o título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria ou algún dos títulos de Técnico ou Técnico Superior de Formación Profesional, ou Artes Plásticas e Deseño, ou Técnico Deportivo ou Técnico Superior Deportivo.

2. O alumnado poderá permanecer cursando Bacharelato polo réxime ordinario durante **catro anos, consecutivos ou non**.

## 5.2. PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS

1. As actividades educativas do Bacharelato favorecerán a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos de investigación axeitados. Así mesmo, prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado, incorporando a perspectiva de xénero.

2. As administracións educativas promoverán as medidas necesarias para que nas distintas materias se desenvolvan actividades que estimulen o interese e o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente en público.

3. Na organización dos estudos de Bacharelato **prestarase especial atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEE)**. Para estes efectos, estableceranse as alternativas organizativas e metodolóxicas e as medidas de atención á diversidade necesarias para facilitar o acceso ao currículo deste alumnado.

4. As linguas oficiais empregaranse unicamente como apoio no proceso de aprendizaxe de linguas estranxeiras. Neste proceso primarase a comprensión, a expresión e a interacción oral.

## 6. OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO.

O Bacharelato contribuirá a **desenvolver** no alumnado **as capacidades que lle permitan:**

a) **Exercer** a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada nos valores da Constitución española, así como nos dereitos humanos, que promova a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) **Consolidar** unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Anticipar, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

c) **Promover** a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e ensino do papel da muller na historia e promover a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, raza ou orixe étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

d) **Potenciar** os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o aproveitamento eficaz da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.

e) **Dominar**, tanto na expresión oral como escrita, a lingua castelá e, se é o caso, a lingua cooficial da súa comunidade autónoma.

f) **Expresarse** con fluidez e corrección nunha ou varias linguas estranxeiras.

g) **Utilizar** con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) **Coñecer e valorar** criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar solidariamente no desenvolvemento e mellora da súa contorna social.

i) **Acceder** aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as competencias básicas da modalidade elixida.

j) **Comprender** os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar criticamente a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como potenciar a sensibilidade e o respecto polo medio ambiente.

k) **Afianzar** o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, autoconfianza e sentido crítico.

l) **Desenvolver** a sensibilidade artística e literaria, así como os criterios estéticos, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) **Utilizar** a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Potenciar os hábitos das actividades físicas e deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como un medio de desenvolvemento persoal e social.

n) **Potenciar** actitudes de respecto e prevención en materia de mobilidade segura e saudable.

o) **Promover** unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sostible.

## 7. COMPETENCIAS CLAVE NO BACHARELATO.

**Segundo as directrices do RD 243/2022, as competencias clave do currículo son as seguintes:**

- a) Competencia en comunicación lingüística.
- b) Competencia plurilingüe.
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.
- d) Competencia dixital.
- e) Competencia persoal, social e para aprender a aprender.
- f) Competencia cidadá.
- g) Competencia emprendedora.
- h) Competencia en conciencia e expresión cultural.

Estas competencias clave son a adaptación ao sistema educativo español das establecidas na recomendación do Consello da Unión Europea, do 22 de maio de 2018, relativa ás competencias clave para a formación permanente. Esta adaptación responde á necesidade de vincular estas competencias aos retos do século XXI, así como ao contexto da educación formal e, máis concretamente, aos principios e finalidades do sistema educativo establecidos na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, Educación.

Establécense un conxunto de descritores operativos para cada unha das competencias clave, que dan continuidade, afondan e amplían os niveis de rendemento previstos ao final da educación básica, co fin de adaptalos ás necesidades e ao final do esta etapa postobligatoria.

Con carácter xeral, debe entenderse que a consecución das competencias e obxectivos do Bacharelato está ligada á adquisición e desenvolvemento das ditas competencias clave. Por iso, os descritores operativos de cada unha das competencias clave constitúen o marco de referencia desde o que se concretan as competencias específicas das distintas materias. Esta vinculación entre descritores operativos e competencias específicas permite inferir da avaliación destas últimas o grao de adquisición das competencias clave que se espera no Bacharelato e, polo tanto, o logro das competencias e obxectivos previstos para a etapa.

## 8. MODALIDADES DE BACHARELATO

As modalidades de Bacharelato posibles son as seguintes:

- a) Artes.
- b) Ciencia e Tecnoloxía.
- c) Xeral.
- d) Humanidades e Ciencias Sociais.

A modalidade de Artes organizarase de dúas formas, unha delas referida a Artes Plásticas, Imaxe e Deseño; e a outra, a Música e Artes Escénicas.

O alumnado poderá elixir entre todas as materias específicas da modalidade que cursen. Para estes efectos, os centros ofertarán todas as materias específicas das modalidades e, se é o caso, as rutas que ofertan. A elección de materias e itinerarios por parte do alumnado só poderá limitarse cando exista un número insuficiente delas, segundo os criterios obxectivos previamente establecidos polas administracións educativas. Cando nun centro se limite a oferta de materias específicas por razóns organizativas, as administracións educativas facilitarán que as materias que por este motivo non se poidan impartir poidan cursarse pola modalidade de ensino a distancia ou noutros centros.

## 9. CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN NO BACHARELATO.

### 9.1. AVALIACIÓN

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do **grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa** os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A avaliación da aprendizaxe do alumnado será **continua e diferenciada** segundo as distintas materias, terá un **carácter formativo** e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

O profesorado de cada materia decidirá, ao finalizar o curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.

O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha **proba extraordinaria** nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo **tres sesións de avaliación parciais**. Así mesmo, **farase o seguimento da recuperación das materias pendentes**, se foro caso. A derradeira destas tres sesións poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario. Haberá, así mesmo, unha sesión de avaliación logo da realización das probas extraordinarias. As avaliacións finais ordinaria e extraordinaria realizaranse nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

**No segundo curso de Bacharelato**, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro educativo organizará a impartición das clases co fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e das probas extraordinarias.

**No primeiro curso de Bacharelato**, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

Os resultados da avaliación das materias expresaranse mediante **cualificacións numéricas de 0 a 10 sen decimais e consideraranse negativas as cualificacións inferiores a 5**. Cando o alumnado non se presente ás probas extraordinarias consignarase non presentado/a (NP).

A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.

As decisións adoptadas polo **equipo docente** irán referidas á **promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado**. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

## 9.2 PROMOCIÓN

Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, **o equipo docente** de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.

As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de Bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

Para os efectos deste punto, só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura.

O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso.

**Os centros educativos organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.**

As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo VI do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade.

Non obstante, **o alumnado poderá matricularse de materias troncais de opción ou específicas de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo.**

En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo.

O alumnado que ao finalizar segundo curso tivese **avaliación negativa nalgunhas materias** poderá matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tivera superado previamente.

## 9.3 TÍTULO DE BACHAREL

O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes. Para obter o título de Bacharel o alumnado precisará ter avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.



**EXCEPCIONALMENTE**, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de Bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias **agás unha, sempre que se cumpran ademais TODAS as condicións seguintes:**

- Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
- Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
- Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en TODAS as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

**O título de Bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da NOTA MEDIA OBTIDA, que se obterá calculando a media aritmética das cualificacións de TODAS as materias cursadas, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.**

Para dito cómputo teranse en conta as materias comúns e optativas, así como as materias específicas da modalidade pola que se expida o título e, se é o caso, a materia de Relixión.

Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

### 9.3.1. OBTENCIÓN DO TÍTULO DE BACHAREL DESDE OUTRAS ENSINANZAS.

1. O alumnado que posúa o título de Técnico ou Técnico en Formación Profesional poderá obter o título de Bacharel na modalidade Xeral mediante a superación de materias comúns.

2. O alumnado que posúa o título de Técnico ou Técnico en Artes Plásticas e Deseño poderá obter o título de Bacharel na modalidade de Artes mediante a superación de materias comúns.

3. Tamén poderán obter o título de Bacharel na modalidade de Artes os que teñan superadas as Ensinanzas Profesionais de Música ou Danza, e tamén superen as materias comúns.

4. A nota que figurará no título de Bacharelato deste alumnado deducirase da seguinte ponderación:

- 60 % da media das cualificacións obtidas nas materias comúns do Bacharelato.
- 40 % da nota media obtida nas ensinanzas polas que se obteña o título, calculada segundo o disposto nos respectivos reais decretos de ordenación das mesmas.

### 9.3.2 OBTENCIÓN DO TÍTULO DE BACHAREL POLO RÉXIME DE PERSOAS ADULTAS

As alumnas e os alumnos que cursen o bacharelato polo réxime para persoas adultas obterán o título sempre que obtivesen avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato, ou en todas as materias agás unha. Neste último caso, deberanse reunir as condicións seguintes:

- Que o **equipo docente** considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
- Que non se produciu un abandono da materia por parte da alumna ou do alumno, conforme os criterios establecidos por parte dos centros no marco do disposto pola Consellería con competencias en materia de educación.
- Que a alumna ou o alumno se presentou a todas as probas e realizou todas as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa sexa igual ou superior a cinco.

Así mesmo, o alumnado que curse estas ensinanzas e se atope en posesión dalgún dos títulos a que se refire o artigo 16 da Orde de 25 de xaneiro de 2022, poderá obter o título de bacharel mediante o procedemento previsto no citado artigo.

## 9.4. CRITERIOS ESPECÍFICOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN NO BACHARELATO

Forma parte da **autonomía do centro**, pero é **competencia do equipo docente**.

O obxectivo da concreción no centro dos criterios deber ser, sobre todo:

1- **Para dar seguridade ao equipo docente**, establecendo un marco seguro e homoxéneo no que poder determinar, sobre todo, as condicións máis obxectivas:

- Cantas faltas inxustificadas a unha materia determinan se houbo inasistencia continuada.
- Cando se pode considerar que nunha materia unha alumna ou alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación.

2. **Orientar ao equipo docente** para poder determinar a condición máis cualitativa de todas: **se acadaron as competencias clave e os obxectivos**.

O equipo docente rexirase polas programacións idácticas de cada materia.

**Nota:** Acórdase no claustro que sexa o equipo docente quen determine.

## 9.5. MATRÍCULA DE HONRA

O **alumnado** que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, **obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a 9 puntos** poderá recibir a mención de **matrícula de honra (MH)**. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.

Aclaración: A un grupo de 20 alumnos/as (5% = 1) correspóndelle 1 MH; a un grupo de 30 alumnos/as (5% = 1,5) correspóndelle 2 MH.

### CRITERIOS DE DESEMPATE PARA A MATRÍCULA DE HONRA.

1º - Nota máis alta de primeiro de BACHARELATO

2º - Nota máis alta da media de ESO.

3º - Sorteio.

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

## 10. FORMACIÓN PROFESIONAL: PRINCIPIOS XERAIS

### 1. O Sistema de Formación Profesional desenvólvese de acordo cos principios de:

- Desenvolvemento persoal e profesional da persoa e mellora continua da súa cualificación profesional ao longo da vida.
- Satisfacción das necesidades formativas das persoas en idade laboral que teñan un alto valor para o sistema produtivo e o emprego, o fortalecemento económico do país e do seu tecido produtivo, con especial atención ás necesidades específicas dos medios rurais e das zonas en declive demográfico, e o posicionamento das empresas no mercado.
- A promoción e a formación profesional no traballo, incluída a dirixida á adaptación aos cambios no ámbito laboral, así como o desenvolvemento de plans e accións formativas destinadas a favorecer a empregabilidade, de acordo co establecido no artigo 4.2 b) do Estatuto dos traballadores.
- Garantir a todas as persoas, en condicións de equidade e igualdade, unha formación profesional de calidade nas distintas modalidades e a cualificación e recualificación permanentes de acordo con itinerarios diversificados, satisfacendo as súas necesidades formativas a medida que se vaian presentando e tendo en conta as súas circunstancias persoais, sociais e sociais. traballo.
- Flexibilidade e modularidade das ofertas formativas acreditables e acumulables nun continuo formativo conducente a diversos niveis de acreditacións, certificados e titulacións.
- A permeabilidade con outras etapas e ensinanzas do sistema educativo, facilitando a transición entre elas e a formación profesional.
- A participación das empresas e dos axentes económicos e sociais no deseño, desenvolvemento, avaliación e innovación da formación profesional, velando polo circuío de transferencia de coñecemento formación-empresa e polo interese público.
- A centralidade da persoa, promovendo o máximo desenvolvemento das súas capacidades, favorecendo a súa participación activa, o desenvolvemento das súas habilidades interpersoais e contribuíndo a superar toda discriminación por razón de nacemento, orixe nacional ou étnica, sexo, discapacidade, vulnerabilidade social ou laboral. ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Transparencia, calidade, accesibilidade, igualdade efectiva de trato e oportunidades entre as persoas, equidade e inclusión.
- Eliminación de estereotipos profesionais e prexuízos de xénero nas opcións de formación profesional.
- A orientación profesional como elemento de acompañamento para favorecer a identificación e aproveitamento de oportunidades formativas nos itinerarios formativos e profesionais, así como nas múltiples transicións ao longo da vida.
- Actualización permanente, adaptación áxil e detección proactiva e anticipada dos cambios e necesidades emerxentes dos sectores produtivos, en particular os asociados á dixitalización, transición ecolóxica, sustentabilidade ambiental, innovación territorial, saúde e atención ás persoas.
- m) Fomento da innovación, a investigación aplicada e o emprendemento como eixos da formación profesional.
- Recoñecemento e acreditación das competencias profesionais adquiridas mediante a experiencia laboral, o voluntariado ou outros medios non formais ou informais.
- A converxencia cos sistemas de formación profesional da Unión Europea e de terceiros países, favorecendo a internacionalización e a mobilidade transnacional.
- Calidade, eficacia, eficiencia, coordinación e transparencia na xestión dos recursos públicos e na avaliación dos seus resultados.

- Planificación e axuste da oferta formativa segundo a prospección das necesidades do sistema a curto, medio e longo prazo.
- Suficiencia e adaptación da oferta pública ás necesidades e demandas dos sectores produtivos.

2. A Administración xeral do Estado e as administracións autonómicas deberán cooperar, no ámbito das súas competencias, na definición, aplicación e avaliación das políticas de formación profesional para o fomento do desenvolvemento económico e social e a adaptación das accións formativas ás necesidades e proxectos estratéxicos territoriais. Así mesmo, as administracións locais colaborarán no ámbito das súas competencias.

## 11. OBXECTIVOS DO SISTEMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL

1. O desenvolvemento dun Sistema de Formación Profesional de calidade ao longo da vida, en equidade, significativo persoal e socialmente e para o tecido produtivo, que satisfaga tanto o desenvolvemento da personalidade como as necesidades individuais de cualificación, adaptación e reciclaxe profesional, así como aquelas dos sectores produtivos, e supón a creación sostida de valor para persoas e empresas.

2. A cualificación das persoas para o exercicio de actividades profesionais, promovendo adquisición, consolidación e ampliación das competencias profesionais e básicas coa versatilidade e funcionalidade necesarias para o acceso ao emprego, a continuidade nel e a progresión e desenvolvemento profesional, así como a rápida adaptación aos retos futuros derivados de ambientes de traballo complexos.

3. Poñer a disposición das empresas e dos sectores produtivos os perfís profesionais necesarios en cada momento, tendo en conta o carácter determinante, para a competitividade das empresas, da cualificación dos traballadores, a súa flexibilidade, rapidez de adaptación, versatilidade e transversalidade.

4. Observación continuada da evolución da demanda e oferta de profesións, ocupacións e perfís no mercado de traballo para a prospección e identificación de necesidades de cualificación.

5. A oferta de formación actualizada e suficiente, que incorpore de forma proactiva e áxil tanto as competencias profesionais emerxentes, como a innovación, a investigación aplicada, o emprendemento, a dixitalización, a sustentabilidade e a emerxencia climática, como factores estruturais de éxito na nova economía. modelo.

6. A configuración flexible, modular e acorde aos enfoques da Unión Europea da formación profesional, baseados en itinerarios formativos i) acesibles, progresivos, acumulativos e adaptados ás necesidades individuais e colectivas, tendo en conta a idade, o sexo, a discapacidade, se é o caso, e situación persoal ou laboral e ii) dirixida a un amplo abano de perfís profesionais, dende xeneralistas ata altamente especializados.

7. O fomento da dobre dimensión da formación profesional e a súa vinculación co sistema produtivo nun marco de colaboración público-privada entre administracións, centros, empresas ou organismos equiparados, organizacións empresariais e sindicais, entidades e terceiro sector para a creación conxunta de valor, a aliñación de obxectivos e proxectos estratéxicos comúns, a superación da fenda urbano/rural mediante unha adecuada adaptación territorial, e a utilización eficaz dos recursos en ámbitos formativos e profesionais.

8. A definición e o establecemento dun modelo de goberno, respectuoso cos ámbitos competenciais, que incorpore o papel das organizacións empresariais e sindicais máis representativas e a súa participación e cooperación cos poderes públicos nas políticas do Sistema de Formación Profesional.

9. Facilitación da acreditación e recoñecemento das competencias profesionais vinculadas ao Catálogo Nacional de Normas de Competencias Profesionais, adquiridas mediante a experiencia laboral ou outros medios non formais ou informais.

10. A prestación dunha orientación profesional que facilite ás persoas, ao longo da vida, a toma de decisións na elección e xestión da súa formación e carreira profesional, loitando contra os estereotipos de xénero, os relacionados coa discapacidade ou as necesidades específicas de apoio educativo, colaborando na construción dunha identidade profesional que motive futuras aprendizaxes e adaptacións á evolución dos procesos produtivos e ao cambio social, e favorecendo o coñecemento das oportunidades existentes ou emerxentes en contornas rurais e zonas en declive demográfico.

11. O fomento da igualdade efectiva de oportunidades entre as persoas no acceso e desenvolvemento do seu proceso de formación profesional para todo tipo de opcións profesionais, e a eliminación da segregación formativa existente entre mulleres e homes.

12. A promoción da igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade e, en xeral, das persoas e colectivos con dificultades de inserción sociolaboral no acceso e proceso de formación profesional que posibilite e facilite a inserción no mercado laboral.

13. O incremento da presenza social da formación profesional como unha valiosa opción de inserción laboral e de progresión académica, tanto reforzando a relación e cooperación entre os sistemas de formación profesional e universitario, como contribuíndo á erradicación do abandono temperán sen titulación profesional que garante unha empregabilidade sostida.

14. O impulso da participación das persoas adultas, para a súa cualificación ou recualificación, en accións de formación profesional como elemento integrado no desempeño profesional e a vida laboral e única forma de lograr o maior grao de especialización que demandan ámbitos cada vez máis complexos.

15. O fomento da planificación integrada en cada territorio dunha oferta de formación profesional permanente, así como a complementariedade das redes de centros de formación profesional, e o uso compartido das súas instalacións e recursos.

16. A xeración de circuitos interautonómicos e transnacionais de transferencia de coñecemento entre centros, empresas ou organismos equivalentes, entidades, docentes e persoas en formación, promovendo proxectos de mobilidade.

17. A ampliación do coñecemento de linguas estranxeiras no ámbito profesional.

18. A permanente actualización das competencias do persoal docente e formador que lle permitan deseñar e adaptar os procesos formativos de acordo coas novas necesidades produtivas e sectoriais, así como as do alumnado, especialmente do alumnado con necesidades específicas.

19. A posta en marcha e o mantemento dun proceso de avaliación e mellora continua da calidade do Sistema de Formación Profesional, en particular do seu carácter dual, que permita informar sobre o seu funcionamento e adaptación ás necesidades formativas individuais e do sistema produtivo, e impulsar a investigación sobre o modelo de formación profesional, así como su impacto sobre as dimensións de mellora do emprego e da produtividade.

## 12. ORGANIZACIÓN E ESTRUTURA.

1. Os ciclos formativos terán unha organización modular, que integre os resultados de aprendizaxe adecuados aos distintos ámbitos profesionais e inclúa:

- Módulos profesionais asociados, cada un deles, a un nivel de competencia profesional ou, excepcionalmente, a varios.
- Módulos profesionais non asociados a estándares de competencia profesional, senón a orientación laboral, emprendemento e competencias transversais e de madurez socio-profesional.
- Módulos específicos, vinculados a optativas de grao medio e superior.

- Proxecto intermodular.

2. A duración dos ciclos formativos poderá ser variable. Non obstante, a dos ciclos de grao básico será de 2 cursos académicos, e a dos ciclos de grao medio e superior poderá variar, se é o caso, entre 2 ou 3 cursos académicos, de acordo co currículo básico que se estableza para cada ciclo formativo.

3. Todos os ciclos formativos desenvolveranse, con carácter dual, entre o centro de formación e a empresa, incluíndo unha fase formativa na empresa, de acordo co establecido no título III desta lei.

4. Regulamentariamente poderán prever ofertas de grao D baseadas en dobres titulacións do Catálogo Nacional de Ofertas de Formación Profesional.

5. O alumnado poderá permanecer cursando un ciclo formativo, con carácter xeral, durante un tempo máximo que non exceda do dobre dos cursos asignados ao ciclo. Cando as súas circunstancias persoais así o aconsellen, o alumnado poderá beneficiarse, previa autorización da Administración educativa:

- Dunha matrícula parcial en cada curso e dispor dun curso complementario, cando teñan necesidades específicas de apoio, permanentes ou transitorias, debidamente xustificadas, ou combinen a actividade formativa coa actividade laboral.
- Adaptacións curriculares baseadas en medidas de flexibilidade e alternativas metodolóxicas cun enfoque de Deseño Universal para a Aprendizaxe na docencia e na avaliación, caso en que a avaliación terá como referencia a adaptación.

### 13. ASPECTOS XERAIS DO PROCESO DE AVALIACIÓN.

Denomínanse sesións de avaliación as reunións de carácter colexiado que realice o equipo docente, convocadas e presididas polo profesor ou a profesora que se encargue da titoría do grupo, levadas a cabo co obxecto de contrastar as informacións proporcionadas polo profesorado de cada módulo profesional en relación coa valoración dos resultados de aprendizaxe do alumnado e co seu progreso na consecución dos obxectivos xerais do ciclo. Nestas sesións, o equipo docente tomará as decisións que afecten o proceso de avaliación e promoción do alumnado.

1. Segundo o artigo 25 da Orde de 12 de xullo de 2011, a avaliación da aprendizaxe do alumnado nos ciclos formativos realizarase de xeito diferenciado por módulos profesionais. En todo caso, a avaliación na formación profesional inicial realizarase tomando como referencia os obxectivos, expresados en resultados de aprendizaxe, e os criterios de avaliación de cada un dos módulos profesionais e os obxectivos xerais do ciclo formativo, segundo o establecido no correspondente currículo.

2. A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, nas modalidades de ensino presencial cumprirá a asistencia do alumnado ás actividades programadas para os distintos módulos profesionais do ciclo formativo.

3. **O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total**. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.

4. O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que perdesen o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.

5. O alumnado que perdesen o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á

avaliación final de módulos correspondente.

Nos artigos 28, 29, e seguintes ata o 37 a citada Orde de 12 de xullo de 2011 trátanse os detalles das diferentes tipos de avaliacións e documentos do proceso de avaliación.

## 14. CUALIFICACIÓNS E MATRÍCULA DE HONRA

1. A cualificación dos módulos profesionais, agás o de formación en centros de traballo (FCT), será numérica, entre un e dez, sen decimais. A superación do ciclo formativo requirirá a avaliación positiva en todos os módulos profesionais que o compoñen. Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos. A cualificación obtida nun módulo profesional superado trasladarase a calquera dos ciclos formativos en que este estea incluído.

2. Na avaliación do módulo profesional de FCT colaborará co titor ou coa titora do centro educativo o titor ou titora da empresa que designe o correspondente centro de traballo para o período de estadía do alumno ou da alumna. A cualificación do dito módulo profesional será en termos de «apto» ou «apta», ou «non apto» ou «non apta».

3. A nota final do ciclo formativo será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada un dos módulos, expresada con dous decimais. Os módulos profesionais validados ou exentos non se computarán para os efectos do cálculo da cualificación final do ciclo formativo.

4. Os alumnos e as alumnas que obtivesen unha nota final do ciclo formativo igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou a alumna.

**O número de matrículas de honra que se poderán conceder nun ciclo formativo nun curso académico será como máximo de dúas.** No caso de que o número de alumnos e alumnas matriculados con opción a titular nun curso académico sexa inferior a vinte, só se poderá conceder unha matrícula de honra.

## 15. TITULACIÓN, CERTIFICACIÓN E ACREDITACIÓN

1. Para a obtención do título de técnico ou de técnico superior, cumprirá acreditar a superación de todos os módulos profesionais de que conste o correspondente ciclo formativo, así como cumprir os requisitos de acceso a el.

2. Os certificados académicos expediraos a dirección do centro público dependente da C con competencias en materia de educación, tras a solicitude da persoa interesada

3. Os certificados académicos realizaranse segundo o modelo oficial que se indica no anexo X da Orde de 12 de xullo de 2011, e expresarán:

- a) Os datos persoais do alumno ou da alumna.
- b) Os datos do ciclo formativo, do curso de especialización ou do programa formativo.
- c) As cualificacións obtidas nos módulos profesionais, tanto positivas como negativas, con indicación da convocatoria concreta, do centro educativo e do curso académico, ata a data da emisión da certificación.
- d) A cualificación final no caso de finalización das ensinanzas.

4. Aqueles que non superasen na súa totalidade as ensinanzas de cada un dos ciclos formativos, dos cursos de especialización, ou que se matriculen nos programas formativos específicos para determinados colectivos, terán dereito a que se lles expida un certificado académico dos módulos profesionais superados, o cal terá, ademais dos efectos académicos, efectos de acreditación parcial acumulable das competencias profesionais adquiridas en relación co Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

5. O alumnado do réxime de persoas adultas que non superase algún módulo profesional ter

dereito, de ser o caso, a que se lle expida un certificado académico das unidades formativas de menor duración do módulo profesional superadas, co fin de facilitar a formación permanente ao longo da vida. A superación de todas as unidades formativas do módulo profesional dará dereito á certificación deste.

As certificacións realizaranse segundo os modelos oficiais que se indican na Orde de 12 de xullo de 2011.

## **16. VALIDACIÓN E EXENCIÓN.**

En materia de validación e exención atenderase ao establecido nos artigos 52 e 53 do Decreto 114/ 2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. Ademais, poderanse validar aqueles módulos profesionais que se determinen nas normas que se establezan para tal efecto.

Nos artigos 41 e 41 da Orde de 12 de xullo de 2011 trátase en detalla o procedemento de validación de módulos profesionais, así como o procedemento de exención do módulo da FCT.



## **ANEXO I**

**ESO E BACHARELATO**

**PROMOCIÓN/TITULACIÓN**

## PROMOCIÓN ESO

1. É función do equipo docente
2. Ter todas as materias superadas
3. Ter unha ou dúas materias suspensas (independemente das que sexan)
4. No caso de ter máis de dúas materias suspensas deberán cumprirse as seguintes condicións:
  - Media aritmética igual ou superior a 5.
  - Pode seguir con éxito o curso seguinte
  - Ten expectativas favorables de recuperación
  - A promoción beneficiará a súa evolución

## TITULACIÓN ESO

1. É función do equipo docente
2. Ter todas as materias superadas
3. Se non ten todo superado, o equipo docente de xeito colexiado decidirá se:
  - Media igual ou superior a 5
  - Considérase que acada obxectivos da etapa
  - Adquiriu competencias da etapa
  - Teráanse en conta os criterios de titulación establecidos.

## TITULACIÓN ESO CON ADAPTACIÓNS CURRICULARES

1. Todo superado. Os criterios de avaliación serán os recollidos na propia adaptación curricular sen que isto lle impida poder titular.
2. Se non ten todo superado, o equipo docente de xeito colexiado decidirá se:
  - Media igual ou superior a 5
  - Considérase que acada obxectivos da etapa
  - Adquiriu competencias da etapa
  - Teráanse en conta os criterios de titulación establecidos.

## PROMOCIÓN EN BACHARELATO

1. É función do equipo docente e faise na avaliación final extraordinaria.
2. Precísase ter todas as materias superadas
3. Non superar unha ou dúas materias, tendo en conta que:
  - Só computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques, así a materia Lingua e Literatura Galega será a única que compute no bloque de libre configuración.
4. De non promocionar, repetirá 1º de bacharelato con todas as materias.

## PROMOCIÓN EN BACHARELATO CON MATERIAS PENDENTES

1. A alumna ou o alumno debe matricularse en ditas materias e cursalas (os centros organizarán actividades de seguimento, recuperación e avaliación).
2. A avaliación das materias pendentes será anterior á das materias de 2º curso
3. Se as pendentes son de continuidade con outras de 2º (as do Anexo VI do Decreto 86/2015) requírese que:
4. A superación das materias de 2º está supeditada á aprobación previa das de 1º curso.
  - Debe cursar a de 1º (que terá consideración de materia pendente, pero non computa para modificar as condicións que promocionou).
  - Pode matricularse de TRONCAIS de OPCIÓN e de materias ESPECÍFICAS de 2º sen cursar a de 1º (se o profesorado considera deixar constancia obxectiva desta consideración (proba inicial,..)

Se non PROMOCIONA: Repetirá 1º de Bacharelato cursando TODAS as materias. Non se garda cualificación.

## TITULACIÓN EN BACHARELATO

1. É función do equipo docente, o decide de modo colexiado; no caso de non haber unanimidade por maioría simple.
2. A alumna ou o alumno precisa ter todas as materias superadas
3. Non superar unha materia. Tendo en conta que:
  - A media debe ser igual ou superior a 5 (en 1º e 2º de Bacharelato)
  - Considérase que acada obxectivos e competencias da etapa
  - Non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada na materia.
4. Presentouse ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

## ESO. EXEMPLO DE CONCRECIÓN NO PEC

1. Ten expectativas de recuperación:  
Considérase que con medidas de reforzo ordinarias pode recuperar as materias.
2. A promoción beneficiará a súa evolución académica:
  - Terase en conta o ámbito socio-afectivo do alumnado e grupo de iguais.
3. A natureza das materias non superadas permítelle seguir con éxito o curso seguinte:
  - Teráanse en conta que non sexan materias instrumentais.

## BACHARELATO. EXEMPLO DE CONCRECIÓN NO PEC

1. Será motivo de non titular con unha materia suspensa:
  - A non presentación de traballos obrigatorios
  - A realización de probas escritas finais en branco, e/ou
  - A non realización doutras actividades de avaliación determinadas na programación.
2. Ter en conta a modalidade de Bacharelato e a materia non superada (especialmente tendo en conta o Bacharelato de ARTES ou o de CIENCIAS e os resultados das materias xerais).